


CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2003

O desemprego rexistrado na Comarca Terra de Soneira no 2003 foi do **1,59 % do desemprego rexistrado na provincia.**

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro de 2003, Vimianzo conta cun 44.89 % dos inscritos na comarca, Camariñas cun 30.62 % e Zas cun 24.48 %

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca segue a mesma tendencia todo o ano segundo o sexo, así diminúe en ambos sexos no segundo e terceiro trimestre do ano, para volver a aumentar no derradeiro trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 53.39% fronte ó 46.61% de desemprego masculino, acadando a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano. A media trimestral delas foi de 527 paradas, maior número

que a media do ano anterior (491). Os homes desempregados presentan unha media de 460 desempregados, inferior ós 493 do ano 2002.


Cadro nº1: **DESEMPREGADOS POR SEXO**

2003	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	477	488	965	63402
Segundo	380	484	864	59464
Terceiro	421	541	962	58825
Cuarto	561	595	1156	66035

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE


	- 30 anos	30-44 anos	45 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	253	345	367	965
SEGUNDO	238	288	338	864
TERCEIRO	268	328	366	962
CUARTO	336	402	418	1156

Por idades, observamos que os desempregados maiores de 45 anos, cunha media do 37.69%, son os que presentan peor situación. Os parados de entre 30 e 44 anos teñen tamén unha presenza moi significativa, cun 34.55% de media do desemprego rexistrado. Por outra banda, os menores de trinta anos acadaron de media un 27.76% do desemprego comarcal.



Cadro nº3: DESEMPREGO POR SEXO E GRUPOS DE IDADE


	-30anos		30-44anos		45 e máis		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
PRIMEIRO	100	153	142	203	235	132	477	488
SEGUNDO	91	147	82	206	207	131	380	484
TERCEIRO	93	175	106	222	222	144	421	541
CUARTO	131	205	159	243	271	147	561	595



O **paro feminino** caracterízase polo seu **continuo**, aínda que leve **crecemento**, na franxa de 30 – 44 anos. Nas outras dúas franxas de idade obsérvase a tendencia xeral de diminución de desempregadas no segundo trimestre e aumento no

terceiro e cuarto.

Os **homes** desempregados son de maior idade cas mulleres e con maiores flutuacións. Nos períodos nos que descende o paro, vemos que a contratación afecta fundamentalmente ós inscritos menores de 45 anos.




O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 58.3 % de desempregados que non obtiveron o EXB/G.E. Un 38.9% teñen o EXB/BUP/FP e só un 2.8 % deles posúen titulación universitaria.

Cadro nº4: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
T. GRAO SUPERIOR	15	15	16	16
T.GRAO MEDIO	11	12	13	13
FORMACIÓN PROFESIONAL	81	74	87	99
BUP	28	24	33	33
EXB	260	243	264	308
CERTIFICADO ESCOLARIDADE	515	435	475	600
PRIMARIOS SEN CERTIFICADO	46	54	69	79
SEN ESTUDIOS	9	7	5	8
TOTAL	965	864	962	1156

A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.




O desemprego por sectores económicos


Cadro nº5: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º		2º		3º		4º	
	T	%	T	%	T	%	T	%
AGRIC/PESCA	51	5.3	36	4.2	43	4.5	47	4.1
INDUSTRIA	172	17.8	162	18.8	182	18.9	195	16.9
ELECTRICIDADE	0	0	0	0	1	0.1	1	0.1
CONSTRUCCIÓN	245	25.4	192	22.2	203	21.1	323	27.9
COMER/HOST	131	13.6	119	13.8	122	12.7	143	12.4
TRANS/COMUNIC	13	1.3	14	1.6	16	1.7	14	1.2
OUTROS SERVICIOS	147	15.2	147	17.0	204	21.2	254	22
TOTAL CON EMP ANT	759	78.7	670	77.5	771	80.1	977	84.5
TOTAL SEN EMP ANT	206	21.3	194	22.5	191	19.9	179	15.5
TOTAL COMARCA	965	100	864	100	962	100	1156	100


Máis do 80 % dos desempregados da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e menos dun 20% é demandante do seu primeiro emprego. Ó longo de todo o ano observamos un descenso dos porcentaxes de parados e paradas que buscan o primeiro emprego excepto no segundo trimestre, probablemente motivado polo aumento no número de demandantes que se anotan na oficina de emprego para traballa-los meses de verán. Entre os traballadores con experiencia prodúcese un descenso no porcentaxe de desempregados no segundo trimestre para aumentar no terceiro e cuarto trimestres do ano.



Os sectores con maior cantidade de desempregados son a construción, outros servizos, industria e comercio / hostalería. Atendendo á evolución por trimestres, observamos a tendencia xeral de diminución do número de parados no segundo trimestre e incremento no terceiro e cuarto aínda que se manteñen similares porcentaxes sobre o desemprego total.




É o segundo trimestre o de mellor comportamento en tódolos sectores, menos en transporte e comunicacións que sofre un leve ascenso neste período, aínda que non é significativo, e outros servizos que se mantén.



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 6: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1ºTRIMESTRE			2º TRIMESTRE			3ºTRIMESTRE			4ºTRIMESTRE		
	H	M	T	H	M	T	H	M	T	H	M	T
AGRIC/PESCA	100	0.0	1	93.3	6.7	15	81.3	18.8	16	68.8	31.3	16
INDUSTRIA	22.1	77.9	68	17.5	82.5	120	45.3	54.7	53	42.9	57.1	21
ELECTRICIDADE	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
CONSTRUCCIÓN	100	0.0	49	98.7	1.3	75	97.7	2.3	43	78.3	21.7	23
COMER/HOST	47.6	52.4	21	50	50	14	50	50	26	35.3	64.7	17
TRANS/COMUNIC	50	50	2	-	-	-	88.9	11.1	9	100	0	1
OUTROS SERV	21.4	78.6	14	63.6	36.4	22	50	50	38	50	50	26
TOTAL	51.0	49.0	155	52.8	47.2	246	64.3	35.7	185	55.8	44.2	104




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre en tódolos sectores agás comercio/ hostalería. No terceiro trimestre descende en industria e construción para aumentar nos restantes sectores. No cuarto


trimestre descende a contratación en tódolos sectores respecto do trimestre anterior.

Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter predominantemente masculino, case dun 56%. Sobre todo nos sectores tradicionais como a construción, transporte/comunicacións e aínda no sector primario. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres dáse nos sectores da industria e comercio/hostalería principalmente.


Evolución da contratación




No primeiro trimestre prodúcense contratacións en case tódolos sectores. Son sectores fortemente masculinizados a agricultura/pesca e a construción. A maioría da contratación feminina prodúcese na industria, algo máis do 77% do sector, e noutros servizos.



No segundo trimestre os homes son contratados en tódolos sectores, aínda que o sector industria é de maior contratación feminina, seguido de comercio/hostalería. O sector de outros servizos sofre unha notable redución da contratación feminina respecto ó trimestre anterior.



Como se pode observar, o terceiro trimestre presenta unha maior presenza nos diferentes sectores da contratación feminina, aínda que no caso da construción este porcentaxe é máis ben de carácter testemuñal. Só se supera a metade dos contratos na industria, acadando o mesmo porcentaxe de contratación masculina nos sectores comercio/hostalería e outros servizos.



No cuarto trimestre do ano aumenta o número de contratacións femininas nos sectores industria e comercio/hostalería. Nos sectores agricultura / pesca e construción aínda que continúa a tendencia á masculinización é neste trimestre no que se producen os maiores incrementos porcentuais na contratación feminina.

As ofertas e as demandas de contratación.


Cadro nº7: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA

	1º Trimestre		2º Trimestre *		3º Trimestre *		4º Trimestre *	
	T	%	T	%	T	%	T	%
MODISTA / O	114	16.6	262	19.6	318	15.7	361	14.3
OPER.MÁQUINA IND.COSER PLANA	102	14.8	102	7.6	104	5.1	136	5.4
ALBANEL	66	9.6	132	9.9	184	9.1	222	8.8
PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS EN XERAL	51	7.4	51	3.8	58	2.9	58	2.3
PEÓN DA INDUSTRIA ALIMENTARIA	47	6.8	47	3.5	47	2.3	58	2.3
OP.MAQ PRANCHADO	22	3.2						
OP.MÁQUINA INDUSTRIAL COSER E BORDAR	21	3.1						
ENCOFRADOR	20	2.9	56	4.2	66	3.3	71	2.8
MULLER / MOZO LIMPEZA	14	2.0						
CONDUCTOR DE CAMIÓN	13	1.9	32	2.4	44	2.2		
PEÓN INDUSTRIA MANUFACTUREIRA			74	5.5	149	7.4	156	6.2
MÚSICO INSTRUMENTISTA			33	2.5	89	4.4	95	3.8
TRABALLADOR FORESTAL			32	2.4				
MARIÑEIRO DE CUBERTA,EXCEPTO PESCA					58	2.9	93	3.7
ASISTENTE DOMICILIARIO (AUX. AXUDA A DOMICILIO)							53	2.1

*Os datos inclúen ós trimestres anteriores.

Entre as ocupacións máis contratadas atopamos catro grupos:


1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres: modista/o; operador de máquina industrial de coser á plana; albanel; peón de obras públicas, en xeral; peón da industria alimentaria e encofrador.
2. Ocupacións que se incrementan considerablemente a partir do segundo trimestre do ano: condutor de camión; peón de industria manufactureira; músico instrumentista.
3. Ocupacións que aparecen en 2 trimestres do ano: mariñeiro de cuberta, excepto pesca.
4. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: operador de máquina de pranchado; operador de máquina industrial de coser e bordar; muller / mozo limpeza; traballador forestal e asistente domiciliario.



Cadro nº 8: OCUPACIÓN S MAIS OFERTADAS NO SGC


	1º Trimestre		2º Trimestre *		3º Trimestre *		4º Trimestre *	
	T	%	T	%	T	%	T	%
PLANCHADOR / A	10	33.3	10	10.1	10	6.5	10	4.8
MANIPULADOR DE MADEIRA	5	16.7	5	5.1	5	3.2	5	2.4
MARMORISTA	3	10	3	3.0			5	2.4
TRABALLADOR DE ASFALTOS	2	6.7						
XEFE DE ZONA	1	3.3						
TRABALLADOR CARGA E DESCARGA	1	3.3						
TCO.MANTEMENTO AXUSTADOR ELECTRÓNICO	1	3.3						
OPERARIO DE MÁQUINA	1	3.3						
OPERADOR / A DE REMALLADO	1	3.3	31	31.3	31	20.1	31	15
MECÁNICO MAQUINARIA AGRÍCOLA	1	3.3						
PEÓN ALBANEL / PEÓN OBRAS PÚBLICAS			5	5.1	6	3.9	6	2.9
MAQUINISTA CONFECCIÓN (COSER, BORDAR...)			5	5.1	14	9.1	15	7.2
OPERARIO CONXELADOR			4	4.0	4	2.6		
ADMINISTRATIVO			3	3.0	3	1.9		
ALBANEL			3	3.0	3	1.9	5	2.4
AUXILIAR ADMINISTRATIVO			2	2.0				
CAMAREIRO – BARMAN					11	7.1	22	10.6
CONDUCTOR MERCADORÍAS / COND. CAMIÓN					8	5.2	8	3.9
CARPINTEIRO							6	2.9

*Os datos inclúen ós trimestres anteriores.



Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS


	1ºTRIMESTRE		2ºTRIMESTRE		3ºTRIMESTRE		4ºTRIMESTRE	
	T	%	T	%	T	%	T	%
Muller limpeza	231	16.5	235	17.6	228	16.7	240	15.4
Dependente xeral	228	16.3						
Albanel	154	11.0	132	9.9	135	9.9	202	13
Peón industria alimentaria	138	9.9	82	6.2	75	5.5	88	5.7
Empreg. administrativo, xeral	113	8.1	114	8.6	123	9.0	113	7.3
Dependente comercio, xeral	111	7.9	125	9.4	132	9.7	139	8.9
Peón ind. manufactureira xeral	94	6.7	105	7.9	106	7.8	125	8
Oper. Máquina ind.coser plana	92	6.6	94	7.1	91	6.7	92	5.9
Camareiro, en xeral	68	4.9	75	5.6	71	5.2	68	4.4
Encofrador	58	4.1					72	4.6
Peón construción edificios			192	14.4	187	13.7	278	17.9
Cociñeiro, en xeral			58	4.4				
Modista / o					65	4.8		



Da comparación entre os datos sobre ocupacións máis ofertadas, contratadas e demandadas polos desempregados, atopamos as seguintes relacións:

Por unha banda a relación entre oferta e contratación amósanos que o mercado laboral contrata un número significativamente maior de traballadores das ofertas que se formalizan nas Oficinas de Emprego. Por outra banda, as contratacións se producen fundamentalmente nos sectores de construción e industria téxtil todo ó longo do ano e noutros con man de obra estacional como pesca e forestal.

Finalmente, non hai correspondencia entre as ocupacións máis contratadas a as máis demandadas polos parados, como amosa o gráfico seguinte realizado en base ó número de contratacións totais de ofertas e demandas dos desempregados no ano 2003.



As demandas dos desempregados só coinciden con CINCO das 10 ocupacións máis contratadas no ano 2003. Atopando menor demanda en ocupacións con maior número de contratacións tales como: albanel, peón industria manufacturera, operario de máquina industrial de coser á plana e, por outra banda encontramos maior demanda dos desempregados e desempregadas en ocupacións con menor contratación como peón da industria alimentaria. Tamén atopamos ocupacións nas que o número de contratacións non aparecen entre as primeiras pero si teñen unha gran demanda por parte das persoas desempregadas: muller – mozo de limpeza; empregado administrativo; dependente de comercio; peón da construción de edificios e camareiro, en xeral. E finalmente atopamos ocupacións con contratación que non se atopan entre as máis demandadas polos parados e paradas: modista; músico instrumentista; mariñeiro de cuberta (excepto pesca); peón de obras públicas e asistente domiciliario.



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



De todo isto se conclúe que é necesaria unha orientación que mellore a relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.